[redacted]

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
REXISTRO SAÍDA Nº: 1328/2020
DATA ASENTO: 07/07/2020

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Destinatarios: Representante xeral da C.E. En Marea-Compromiso por Galicia-Partido Galeguista-marea Galeguista

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 7 de xullo de 2020, polo que se resolve unha denuncia do representante xeral da C.E. En Marea-Compromiso por Galicia-Partido Galeguista-Marea Galeguista, en relación á adopción de medidas para asegurar o desenvolvemento da xornada electoral na Mariña e en toda Galicia (RE 735/2020)

A Xunta Electoral de Galicia, en reunión celebrada o 7 de xullo de 2020 adopta o seguinte ACORDO:

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos escritos e alegacións presentadas, en relación coas consultas que lle foron remitidas sobre as condicións do exercicio dos dereitos de sufraxio activo dos cidadáns da Mariña Lucense recorda que os procedementos previstos na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral e na Lei de Eleccións ao Parlamento de Galicia son o marco xurídico que garante, a través do exercicio das competencias das Administracións Públicas, estatal, autonómica e local, a efectividade dos seus dereitos de participación política. Non corresponde a esta Xunta Electoral pronunciarse sobre a suspensión das eleccións na Mariña Lucense.

Mentres as actividades administrativas, económicas e sociais se desenvolvan con normalidade esta Xunta Electoral de Galicia non entende afectadas as condicións do proceso electoral, a salvo do que poida acordarse, se é o caso, polas autoridades sanitarias.

O sistema normativo vixente asegura o papel das administracións electorais e, no seu caso, dos xulgados e tribunais do contencioso-administrativo e da xustiza constitucional na tutela do correcto desenvolvemento do proceso electoral.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá ser presentado ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 11,30 horas do próximo día 8 de xullo de 2020.

Conforme ao comunicado aprobado pola Xunta Electoral de Galicia, do 13 de marzo de 2020, o recurso deberá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal

Por orde do presidente da Xunta Electoral de Galicia
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Secretario